


COLECCIÓN DE GUÍAS SOBRE TRANSVERSALIZACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE XÉNERO NAS POLÍTICAS PÚBLICAS



Deputación
DA CORUÑA





Que se busca coa elaboración desta colección de guías?

Favorecer a integración da perspectiva de xénero e o principio de igualdade dun xeito transversal nas Políticas Públicas e nos diferentes departamentos da Administración.

Obxectivos específicos

- Dotar de ferramentas de apoio para a integración da perspectiva de xénero;
- Ofrecer pautas e recomendacións útiles e adaptadas ao traballo diario;
- Sensibilizar sobre a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero dun xeito transversal a todas as accións promovidas dende a Administración.



Deputación
DA CORUÑA





Que guías desta colección *INTEGRA O XÉNERO* imos elaborar?





Que contidos clave van incluír?

En cada unha delas **abordaranse cuestións básicas e fundamentais** que propicien a reflexión arredor das prácticas e accións que favorecen o avance cara a igualdade.

- Marco normativo e lexislación vixente;
- Principais beneficios da incorporación da perspectiva de xénero;
- Resolución de dificultades e problemáticas que adoitan atoparse na súa incorporación;
- Aspectos clave para a súa integración;
- Indicadores e ferramentas de medición;
- Exemplos prácticos;
- Etc.





Proposta complementaria formativa

→ Realización de accións formativas básicas

- Modalidade online presencial;
- Accións de 2 horas de duración;
- Abordaxe de cuestións prácticas e ilustrativas, para abordar os contidos básicos para entender o marco conceptual no que se apoian os contidos das guías, a normativa básica e prácticas de aprendizaxe concretas;
- Metodoloxía práctica e reflexiva.

→ Pílulas formativas en formato Visual Thinking

- Breves vídeos de Visual Thinking narrados (con audio)
- Aloxadas no espazo web da propia Deputación.

→ Manual para a facilitación de accións formativas



Deputación
DA CORUÑA



Que metodoloxía imos empregar para a elaboración desta colección de guías?

Recollida de información de fontes secundarias

Recollida de información de fontes primarias

Proceso de investigación de acción-participativa

Detección de necesidades, problemáticas e retos para a incorporación da transversalidade de xénero á política provincial por parte do persoal.

1) Deseño de cuestionarios

- De 'auto-diagnose';
- Lúdicos, amenos e divulgativos;
- Dirixidos a detectar aspectos de mellora.

2) Entrevistas

- Ao persoal da Deputación;
- Semi-estruturadas.

3) Grupos de traballo

- Ao persoal da Deputación e dos Concellos;
- Modalidade telemática;
- Dinámicas participativas



Conta de correo para as comunicacións no marco do proxecto:

integraoxenero@dacoruna.gal






Con esta metodoloxía que buscamos?

- Detectar as necesidades en materia de igualdade de xénero e transversalización nos servizos da Deputación e nos Concellos da provincia;
- Favorecer a participación e o traballo en rede do persoal político e técnico da provincia na detección de necesidades;
- Procurar supostos prácticos que traballar nas guías;
- Sensibilizar ao persoal coa transversalidade de xénero.





Moitas grazas polo voso interese!

